

RÍO MERO


(Adela Leiro, Mon Daporta)



NACEMENTO E FONTES	Monte Picoi (Montes de Tieira)
LONXITUDE	46 km
PERCORRIDO	Localidades: Cambre, O Burgo
DESEMBOCADURA	Ría do Burgo entre Culleredo e Cambre (Océano Atlántico)
CONCA	Superficie: 345 km ² CONCELLOS: Oza dos Ríos, Abegondo, Cambre, Cerceda, Mesía, Carral, Bergondo, Cambre, Oleiros e A Coruña.
SERRAS MÁIS IMPORTANTES	SUR: Tieira, Castromaior (Meseta de Ordes), Montemaior OESTE: Zapateira LESTE: Bragade
AFLUENTES DEREITA	Corbeiro, da Pedra, Gándara
AFLUENTES ESQUERDA	Furoca, Gobia, Barcés, Brexa, Valiñas. Río Barcés: nace entre a serra de Montemaior e os montes de Xalo e xúntase co Mero no encoro de Cecebre.
FENÓMENOS XEOLÓXICOS DESTACADOS	Desde a penicheira de Cesuras ata as Mariñas coruñesas o río Mero descende lentamente case todo o seu curso cara ao Atlántico cun trazado sinuoso. Na desembocadura forma un amplo esteiro. Nalgúns dos seus afluentes hai pequenas fervenzas: -Río da Furoca, un afluente do Mero, en Visatoña (Mesía, no línde con Cesuras). -Costa da Égoa. En Hervés (Carral). No Rego de Abelleira ou do Batán, afluente do Barcés. O Rego de Abelleira ou do Batán ten un curto percorrido desde o monte San Bartolomeu ata xuntarse co Barcés. Na baixada da costa da Égoa salva un gran desnivel con rápidos e fervenzas nunha zona aproveitada por catorce muíños, unha pequena central hidroeléctrica e batáns, convertidos nun ecomuseo.
CLIMA	Atlántico
TIPO DE RÉXIME	Pluvial. Cun máximo de caudal en febreiro e unha marcada estiaxe de xullo a outubro.
CAUDAL	7,4 m ³ /s
FLORA	Seguindo os cursos dos ríos hai liñas de bosque de ribeira e pequenos rodais de carballeira. As partes internas do encoro de Cecebre e os cursos dos ríos conservan importantes extensións de salgueirais e ameneirais pantanosos e, en áreas marxinais e algo elevadas, carballos. Nas zonas asulagadas e nas beiras atópanse espadainas, xuncos, esparganio, eleocaris, chantaxe de auga, sombreiriño de auga....
FAUNA	Nos ríos hai troitas, ras, pínegas, aves de ribeira, libeliñas, escaravellos de auga... No espazo protexido contabilizáronse unhas 200 especies de aves. No encoro de Cecebre invertebrados importantes comunidade de aves acuáticas (arredor de 45 especies): pato cullerete, pato asubión, charneco, parrulo chupón, parrulo cristado, corvo mariño grande, garza, garzota... Crían o demo negro, pita de auga, somorgullo pequeno, lavanco real ... e gran número de paxaros.
APROVEITAMENTO	Abastecemento de auga para os núcleos urbáns, a agricultura e a industria; pesca, lecer... Encoro de Cecebre: construído en 1976 para o abastecemento de auga potable á Coruña e área metropolitana.
ESPAZOS PROTEXIDOS	LIC “Encoro de Cecebre”. Inclúe o encoro de Cecebre e parte dos cursos dos ríos Mero e Barcés, 522 ha nos Concellos de Cambre, Abegondo, Betanzos e Carral.
DATOS HISTÓRICOS	A cunca do Mero, especialmente na Mariña coruñesa, é unha área densamente poboada desde tempos antigos e conserva un importante patrimonio histórico e etnográfico.
PROBLEMAS	Contaminación, construción na canle dos ríos, especies invasoras... O encoro de Cecebre está a sufrir graves problemas ecolóxicos (destrución da vexetación acuática, eliminación de especies autóctonas) pola introdución de especies alleas, especialmente o cangrexo vermello de río (<i>Procambarus clarkii</i>), o pachorro ou carpa dourada (<i>Carassius auratus</i>), as tartarugas de Florida e os visóns fuxidos das granxas.

R Í O M E R O

NACIMIENTO: Monte Picoi (Montes da Tieira)



Furoca

Carbeiro

Gobia

Barcés

Brexá

CAMBRE

Valiñas

Gándara

O BURGO

DESEMBOCADURA: Ría da Coruña (Océano Atlántico)